

CEIP SANTA MARIA

AS PONTES

Nº4 (2^a época)

CHORIMA



Revista

Escolar

Actividades e conmemoracións feitas ao longo do curso




Xogando en Manzaneda



Deporte escolar




Excursión a Santiago



Fungos



Bailando os peóns



Nadal



Paz



Entroido



CEIP SANTA MARÍA

Teléfono e fax: 981450721

E-mail: ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/ceipsantamariaaspontes>

Índice de contidos

Saúdo da directora	2
Excursión a Aldea Nova. <i>Ed. Infantil</i>	4
A ratiña presumida. <i>1º ciclo Ed. Primaria</i>	6
Animación á lectura. <i>3º Ed. Primaria</i>	8
Lois Pereiro. <i>4º Ed. Primaria</i>	10
Animais “fantásticos”. <i>5º Ed. Primaria</i>	12
Un día cos nenos de Aspanaes. <i>6º Ed. Primaria</i>	14
ANPA Ponte Romana	18
O recanto de Audición e Linguaxe	20
Primeiros auxilios no cole. <i>Dep. Orientación</i>	22

EDITORIAL

Cada vez que sae un número de Chorima eu como directora do colexio fago un saúdo como editorial da revista.

Este ano o saúdo é tamén a miña despedida do colexio e do ensino no que levo corenta e un anos.

Empecei aló polo ano 1970 nunha aldea da provincia de Lugo, "Campo de Cabo" no concello de Ourol e seguin en "Outariz" na Ribeira de Piquín, "A Cerdeira" en Momán, "A Panda" en Piñeiro e "Atios" en Valdoviño, ata que no ano 1980 vin definitiva para o CEIP Santa María no que pasei o resto da miña vida laboral, ao que trouxen ás miñas fillas, no que pasei trinta e un fermosos anos e do que gardo tantísimos recordos.

Aquí coñecín moitos rapaces e rapazas dos que só teño bons recordos e que, se houbo algúin malo, que penso que non, esquecino.

Tantos compañeiros cos que traballei, dos que tanto aprendín e que moitos se converteron en amigos para sempre.

Pais e nais de alumnos, dos membros das ANPAS que antes chamabamos APAS e que nos axudaron tanto, coma "Pelitos", que foi unha institución neste centro.

Aos Consellos Escolares, dos que hoxe teño que lembrar a Manolo Rivas que tan cordialmente colaborou co centro e que fai pouco nos deixou para sempre.

Do persoal de servizos, esa Blanca que parecía que se fixera co colexio pois sempre estivo aquí.

Do persoal do concello, que nos atenderon de marabilla calquera que fora a súa cor política.

Dos colegas doutros colexios cos que sempre tiven tan boa relación (cun, algo máis) e nos que sempre atopei colaboración.

Son tantos recordos que é imposible resumilos; tería para escribir un libro coas infinitas lembranzas e anécdotas que vivín ao longo de tantos anos.

Como dicía, hoxe tócame despedirme; pero non é un adeus, é un ata logo, xa que eu sempre serei do "Santa María", o colexio da miña infancia, como di ese Himno que fixemos hai uns anos.

Voume agradecida e satisfeita pensando que fixen o mellor que sabía, sempre desexando que os meus alumnos aprendesen moitas cousas e sobre todo a ser boas persoas (aínda que puxera moitos deberes).

Vou ser unha mestra xubilada, e xubilosa de ver pola rúa médicos, mecánicos, arquitectos ou perruqueiros, nos que penso deixei algo bo.

Despidome do colexio ao que quisen, quero e quererei sempre como algo meu e que deixo cun grupo de excelentes profesionais para os que desexo unha estancia no Santa María tan fermosa e enriquecedora como o foi para mim, e aos que lles dou as grazas por facer o meu traballo de directora tan doado e agradable.

Ata sempre.

Un agarimoso saúdo.

Coché

FOMOS DE EXCURSIÓN A ALDEA NOVA

visitamos os animais

3 animais
ALDEA NOVA




Traballamos na fonte



Fixemos
chorina divertida

COCINA DIVERTIDA ALDEANOVA




ALDEANOVA COCINA DIVERTIDA



Ola a todos!

Somos as nenas e os nenos de 1º ciclo de primaria e queremos recordar con todos vós a interpretación que fixemos, xunto cos nenos de educación infantil, do conto 'A ratinha presumida'.

Aquí está a narradora
para o conto comezar;
moi caladíños tivemos que estar.



Chega o touro.
Cox ratinha quere casar,
pero alásta
co seu buear.

Presentase o galo, o galo carmesí
que tamén quere casar;
a ratiña aréstase co seu Kibicri.



O gato pasou
e o seu Miau, miau
tamén a asistou.






Co ratiño, a ratiña quere casar.
O seu compromiso, un bico van selar.



Xa rematou o conto
que con moita ilusión
interpretámos para todos.

ANIMACIÓN A LECTURA




LETRAS GALEGAS 2011.

Poemas 1981/1991:
"En doce versos falsos"

En doce versos falsos.

- 1 A miúdo botas negras e o seu xesto
(abandonadas do corpo que as exixe)
- 2 na postura dun acto de violencia
(sen a expresión real do asasinato)
- 3 pausadas coma un signe
(de furia e de nostalgia)
- 4 na noite lostregada
(evitandose da morte sen imaxin)
- 5 esluída no refacio
(doutra visión que medra)
- 6 da procesión de eufória
(sabendo que hai un drama elaborado)
- 7 na creación volcánica dun soná
coma orixe do desespero agudo
- 8 na idea procreada
(dun par de botas negras)
- 9 que non entraría en mim
(pola porta dun mundo que me invade)
- 10 sen o príodo curioso
(que agora me traspasa)
- 11 cravada sen molestias nos meus ollas
(tan cego coma o teu ítero estéril)
- 12 que van durmio o sono que non sinto.



LOI8 PEREIRO (1958-1996)

3º CURSO.

LETROS GALEGAS 2011

LOIS PEREIRO




Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos (Lugo) o 16 de febreiro de 1958.

Estudou o bacharelato en Lugo e foi á universidade de Madrid.



Ali comezou a estudar socioloxía, pero abandona polos idiomras e a informática.

En Madrid fundou xunto con Manuel Rivas, Antón Patiño e o seu irmán Xosé Manuel a revista LOIA.





De volta a Galicia comparcinou
a seu traballo de tradutor co
labor poético.

Escrive tres libros de
poesía e colabora na
revista "Luces de Galiza",
onde publica oito capítulos
dunha novela.




Enfermou por unha intoxicación
con aceite de colza e morreu na
Comuna o 24 de maio de 1996.




Leticia 4º

Certo día, aló polo mes de novembro, os amigos da Editorial Kalandraka propuxéronnos aos nenos de 5º facer unha excursión á fraga do Paxón da Costa para estudar a súa fauna. A idea gustounos, así que collemos os nosos cadernos de campo e dirixímonos a ese fermoso lugar, quedando moi sorprendidos co que ali atopamos. Non vos parecen uns bechos ben raros?



A VENTILARUGA

A ventilaruga vive na fraga do Paxón da Costa nos ríos. Utiliza o seu ventilador caparazón para propulsarse na auga. O seu alimento son as burbullas. Unha vez ao ano emigra aos oasis dos desertos para reproducirse. Ventila-se co seu caparazón.




O REFLECTESAURO

Este monstro-lanterna-dinosauro, o reflectesauro, vine na fraga do Paxón da Costa. Aliméntase por exemplo da cempiradora ou das ventilarugas. Mide 5 metros e pesa 10 toneladas. Como é un dinosauro case ninguén se atreve con el. Acende a súa luz e con ela alumea e cega aos seus inimigos. Non ten medo a ningúen. É o monstro máis forte, rápido e listo. Ten escamas por case todo o corpo e espiñas nos pés e no rabo. Dispara bombas de luz que deixan cegos aos inimigos.



A CABAUFA

A cabaufa vive na fraga do Paxón da Costa, máis ou menos na zona sur, onde hai bastante vexetación. Aliméntase de cebada e cenorías ademais das mazás más maduras. Vive case trinta anos e adoita pesar uns 20 quilos.




A PIÑAVE

A piñave vive na fraga do Paxón da Costa, no río. Come peixes más pequenos porque é carnívoro. Impúlsase coas aletas e pode pesar un quilo e medio.



O MARTABEIRÓN

O martabeirón vive na fraga do Paxón da Costa. É de auga doce e carnívoro. Reprodúcese no verán e aliméntase de pedras. Pode chegar a pesar uns 20.000 quilos.



O CALICEGO

Os calicegos viven na fraga do Paxón da Costa. Teñen catro ás, unhas patas moi longas e cornos afiados como coitelos. Comen persoas e sangue de tiburón. Saen pola noite a pasear, a cazar e protéxense cos seus cornos e patas. Pesan pouco e ninguén os dá collido.



A CEMPIRADORA

A cempiadora vive na fraga do Paxón da Costa debaixo da terra. Son moi tímidas e protéxense do reflectesauro. Aliméntanse de froitos, tiburóns e verduras. Cando saen, fano pola noite; non poden ver a luz.



A CAMARELLA

A camarella vive na fraga do Paxón da Costa. Este animal vixía a fraga polo día. Fabrica o "camel", que é o seu alimento. Deféndese dos seus inimigos cun gran aguillón que posúe na parte traseira do seu corpo. A súa casa é unha colmea onde viven moitas más coma ela.



O ESGALO

O esgalo vive na fraga do Paxón da Costa e pode facer subir a calquera animal, soporta calquer peso e pode voar. As súas patas permiténlle correr a 120 quilómetros por hora.



A ASIVACA

A asivaca vive na fraga do Paxón da Costa pola noite. Pola mañá, este animal dorme ou viaxa polas fragas. É moi bo pero ás veces, cando o provocan, pódese anoxar. Aliméntase de herba e de froitos das árbores. Cando hai depredadores, a asivaca deféndese cos seus cornos que son de metal.



O CABAUFA

O cabaufa é un animal herbívoro que vive na fraga do Paxón da Costa. Pesa entre 100 e 150 quilos. O que máis lle gusta comer son as mazás azuis que se dan na árbore máxica. Habita sobre todo na zona sur do bosque. Come durante tres horas, dorme durante dez e o resto do día pásao corriendo polo monte. O seu maior inimigo son as camarellas.

Un día cos nenos de Aspanaes

O pasado 31 de marzo do 2011 os monitores de Aspanaes propuxéronnos ir xogar ao pavillón municipal para conmemorar o *Día Internacional do Autismo*.

Cando chegamos ao polideportivo presentáronos aos rapaces. Xogamos aos seguintes deportes : bolos, baloncesto, fútbol, mini basket...


O monitor explicounos que algúns nenos de ASPANAES podían estar máis de 4 horas facendo o mesmo, por exemplo, petar nunha táboa. Eles viven no seu propio mundo, e non saben o que lles dis, áinda que despois de moitos anos aprenden a falar ou a facer cousas cotiás.



Ese día estábamos todos moi contentos porque grazas ao noso esforzo e ao dos rapaces de Aspanaes, eles poderían sentirse respectados e divertirse un anaco.

Foi moi agradable porque nos ensinou unha lección: áinda que sexan nenos coma nós, son persoas capaces de facer cousas áinda mellor que algún de nós.

Que teñan problemas non significa que non nos podamos relacionar con eles, por exemplo, un rapaz que se chamaba Pablo caeunos moi ben, porque nos falou e invitounos a ir velo un día á súa residencia. E el coma moitos más entendía o que lle dicíamos.



Anécdotas do día

Fútbol : había rapaces que lles metían goles aos melhores futbolistas do colexio. Gonzalo era moi bo porteiro e case non lle metiamos ningún gol.



Bolos : Elisa era unha rapaza cega e para acertar alguén se tiña que poñer detrás dos bolos e dicirlle algo como "aquí Elisa", "tira"... etc.



Baloncesto : un compañoiro noso tirou a canastra e non acertou; logo, Gonzalo colleu a pelota e ensinoulle a este a facelo.



Atletismo : Gonzalo estaba ao lado dun de nós e díxolle que se colocara en posición. Gañou Pablo, aínda que empezou máis lento.



Ao final chegou a recompensa: déronnos a todos unha medalla e tamén unha camiseta.



O caso foi que o pasamos moi ben! Quedamos con ganas de volver.



DENDE A ANPA "PONTE ROMANA"

Dende a ANPA de Santa María tamén despedimos un curso cheo de actividades, eventos e ilusións. Celebramos festas tradicionais como o Magosto, o Nadal e o Entroido. Organizamos e axudamos economicamente en actividades como pintura, teatro, inglés oral, kick-boxing, karate ou piscina. Participamos en eventos deportivos como a carreira de San Xosé e a liga local de fútbol sala, sendo nestas os campións na categoría alevíns, subcampións en categoría benxamín e compartimos o primeiro posto en prebenxamín co Colexio de A Fraga. Os nosos alevíns xogaron a fase intercomarcal quedando nun merecidísimo 2º posto. Realizamos tamén dúas viaxes para poder disfrutar de partidos de fútbol sala en directo, a Lugo e a Santiago. Así mesmo, celebramos o maratón de pais, nais e mestres, xunto cunha comida de confraternización, e desfrutamos moiísimo cos nosos nenos no I Memorial Manolo Rivas (Marathon Nenos Abrente).

Non podemos deixar esta ocasión sen darlle unha agarimosa despedida a Coché e a Conchita, que tan sinxela nos fixeron a relación entre a ANPA e o Colexio, e ás que tanto queren os nosos nenos; e tamén para darlle unha calurosa benvinda, áinda que xa levan anos con nós, a Esperanza como directora e a Pepe como Xefe de Estudos.

Aproveitamos tamén para recordarvos o importante labor que realiza esta asociación no transcurso do curso escolar; realizando actividades que complementan a formación dos nosos nenos e tamén fomentando a práctica do deporte que tantos beneficios reporta nos nosos cativos.



Os nenos e nenas de karate coa súa mestra Carmiña.



A nosa mestra de teatro chámase Montse e pasámolo moi bien nesta actividade: representamos os contos que máis nos gustan, facemos xogos de maxia e moitas cousas más. É xenial.



Na actividade de pintura relaxámonos moito e expoñemos a nosa parte máis creativa. A nosa mestra chámase Carmen. Ao final do curso hai unha exposición con todos os traballos e manualidades no Mercado Vello.



Os alevíns: CAMPIÓNS DE LIGA! CAMPIÓNS DO MARATÓN DE ABRENTE E SUBCAMPIÓNS INTERCOMARCAIS



Os prebenxamíns: SUBCAMPIÓNS DO MARATÓN DE ABRENTE!



A delegada de deportes da ANPA Ponte Romana recolle o agasallo do Concello pola participación do Colexio Santa María na Carreira Pedestre de San Xosé.



Susana Bellas recollendo o seu trofeo na Carreira Pedestre de San Xosé.



As nenas de 1º de primaria na Carreira Pedestre de San Xosé. Noraboa a Celia Durán polo seu primeiro posto.



As nenas de 2º de primaria na Carreira de San Xosé.



Os pequeníños tamén tomaron parte desta tarde no parque de A Fraga.



Os Reis agardando polos nenos de Santa María.

Despedímonos ata o curso que vén.

Un saúdo,

ANPA "Ponte Romana"

O RECANTO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN INFANTIL



OS ALUMNOS/AS DE ED. INFANTIL DE 4 E 5 ANOS

O RECANÍO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

NAS CLASES DE A.L...

As clases de A.L. consisten en axudarnos aos nen@s a pronunciar sons que nos custan máis que outros.

Facemos diversos exercicios como por exemplo: dicir palabras cos sons máis complicados, soprar a vela para apagala (isto axuda á respiración, porque para pronunciar fai falla aire espírado).

Un dos novos exercicios que aprendimos foi o de meter un pano na boca e soprar para facelo vibrar.

Tamén facemos exercicios de relaxación e respiración, os cales serven para pronunciar ben e non sentirnos tensos.

Agora estamos construíndo unha boca xigante en 3D, aínda que nos está levando o noso tempo, penso que nos vai quedar moi ben, para isto empregamos materiais como papel, periódico, poliestireno, cartón, plásticos, etc...

As clases de A.L. son moi divertidas e aprendemos moitas cousas, sobre todo con Loreto.

Andrés Pita Martínez 6º



Á clase de A.L. van os nenos que non pronuncian ben algunas letras:



- Facemos exercicios Bucais: que nos axudan a facer vibrar a lingua para que ao falar nos saia o R forte.

- De Sopro: apagar unha vela a distancia, dirixir unha bola pequena facendo carreiras por unha mesa longa... Estes exercicios axúdannos a controlar o sopro.

- Practicamos a Relaxación e a Respiración: tumbámmonos na mesa e escutamos música ou unha voz relaxante que nos vai dicindo en que concentrarnos para relaxarnos e moitas más cousas...

Este ano fixemos un mural da boca para que todos os nenos poidan ver as súas partes, como se chaman e onde están situadas.

Andrés Rivera Gutiérrez 4º



Os alumnos de Audición e Linguaxe: Manuel, Iker e Sergio (1º), Jennifer (2º), Andrés R. (4º), Esteban e Andrés P. (6º).

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PRIMEIROS AUXILIOS NO COLE

“Un neno alérxico ao ovo que amosa dificultades respiratorias tras inxerir unha, en apariencia, inofensiva galleta; unha alumna diabética que na metade da clase palidece e ponse a suar; ou un neno con epilepsia que de pronto se sente mareado...”


Dende logo non é labor do profesorado (bastantes responsabilidades teñen xa!) tomar decisións que afecten á saúde do alumno/a. Para iso están os seus pais, e en caso necesario, os servicios sanitarios de urxencia. Pero onde si teñen os docentes un papel fundamental é na detección de situacíons de risco e na posta en marcha dunha serie de mecanismos que, nalgúns casos, pode significar salvar vidas.

ALERTA ESCOLAR, DÍGAME?

Alerta escolar é un programa iniciado pola Consellería de Educación e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de

Galicia 061 que ten como finalidade facilitar a atención inmediata dos alumnos con patoloxías crónicas con risco de sufrir unha crise no centro escolar. Deste xeito, e ante unha

situación de emerxencia, a mestra ou mestre só ten que chamar a ese teléfono de asistencia, no que xa constan os datos médicos do alumno.



RESPOSTAS PARA OS PAIS:

- A quien se dirixe o Programa Alerta Escolar?


Está dirixido a alumnos de entre 3 e 16 anos coas seguintes patoloxías:

1. Crises alérxicas por exposición a alérxenos alimentarios.
2. Crises comiciales, que se refiren á epilepsia nas súas diferentes formas.
3. Crises diabéticas ou, en xeral, hipoglucemias.


- Interésame o programa. Que teño que facer para apuntar ao meu fillo?

1. Traer o informe médico.
2. Firmar un formulario coa declaración de conformidade de rexistro de datos do alumno en arquivos informáticos.
3. Con esta documentación, o centro tramita o expediente a Urxencias Sanitarias 061.
4. Se é necesaria a disposición no colextio dalgún medicamento, a familia do alumno deberá facilitalo cada curso, co seu nome rotulado.

No CEIP Santa María, no curso actual 2010/2011, temos



varios alumnos e alumnas incluídos no programa: unha alumna con diabete, un alumno con convulsión febril, un neno con alerxia alimentaria ao kiwi e una nena tamén con alerxia alimentaria ao ovo e ao kiwi.



Os nosos murais



